



# CLUB MONTAÑEIROS CELTAS SECCIÓN INFANTIL

Actividade Infantil de Inverno

**3 - 4 DE MARZO DE 2007**  
**SERRA DO XURÉS (OURENSE)**



*Aquí imos a estar!*

*No Parque Natural Galego da Serra do Xurés. Este Parque é moi atractivo pola súa variedade de paisaxes, de flora (eurosiberiana, mediterránea), de fauna (¿sabiades que teñen unha vaca, de raza autóctona?, a “vaca cachena” en perigo de extinción!), Ademais da súa riqueza etnográfica. O Parque Natural da Baixa Limia - Serra do Xurés, e o seu veciño o Parque Nacional Portugués de A Peneda - Serra do Gerés, forman un Parque Transfronteirizo Europeo.*

## **ALOXAMENTO:**

**Refuxio** de Albite, da Federación Galega de Montañismo, ubicado na Serra do Xurés. Este refuxio, de recente construción, conta con calefacción.

## **PARTICIPANTES:**

**Esta actividade esta organizada para nenos e nenas de 8 ata os 12 anos**, porén, tamén poden participar os menores de 14 anos.

## **IMPRESINDIBLE**

**! Autorización do pai/nai** (axúntase impreso)

**! Licencia Federativa de montañismo (FGM)**

**PREZO:**

**Socios: 24 €**

Non socios: federados 30 €, non federados 36 €

**INCLÚE:** Bus, aloxamento e almorzo.

**SAÍDA:** Sábado 3, ás 09:00 horas

**CHEGADA:** Domingo 4, ás 20:00 horas

**LUGAR:** Club Montañeiros Celtas

## **INSCRICIÓN:**

Club Montañeiros Celtas  
Avda. Camelias, 78, oficina k

Tfno: 986 438 505

Fax: 986 912 220

## **HORARIO:**

De martes a venres

De 19.00 h a 21.30 horas

## **LÍMITE DE PRAZO:**

**Mércores, 28 de febreiro**

# ACTIVIDADE INFANTIL DE INVERNO

## PROGRAMA PREVISTO

### **Sábado, 3.**

Saída de Vigo (**dende o Club**) ás **9.00 horas**. A primeira actividade será a visita ao Centro de Interpretación do “Parque Natural baixa Limia - Serra do Xurés” en Lobios. Dende aquí iremos ao refuxio (Albite), onde logo de instalármonos, comeremos, e despois dun descanso, realizaremos unha ruta de sendeirismo (Albite-Cela). Ás oito e media da tarde será a cea (despois a organización dará leite quente a quen o pida). Ao remate da cea faremos xogos e descanso.

### **Domingo, 4.**

Ás oito da mañá será o almorzo (por conta da organización) e a recollida do refuxio. Ás nove e media sairemos cara a Ruta de Padrendo (PR-G 28), esta ruta discorre polo val entre as estrivacións da Serra de Santa Eufemia e a do Xurés, ademais dos valores medioambientais, conserva unha grande riqueza etnográfica. Comeremos nunha parada deste percorrido.

Chegada a Vigo ás 20:00 horas.

## O que hai que levar

### **Alimentación**

A organización encárgase de aportar o almorzo do domingo, e leite quente na cea do sábado, polo que teñen que levar:

! A comida do sábado.

! A cea do sábado

! A comida do domingo: esta é para comer en ruta, polo que recomendamos que os nenos/as non leven a comida en fiambreiras ou recipientes plásticos, mellor bocadillos, empanadillas...

Non o esquezades!!!! Levar “algo para picar” nas marchas: chocolate, queixo, galletas, froitos secos, froita que aguante (mazás, mandarinas...).

**Importante:** Cando escollas a COMIDA lembra que na Montaña debe ser alimenticia, de doada dixestión, APETECIBLE e facilmente transportable. Por exemplo: tortilla de patacas, bistés empanados, pescado frito, empanadillas, sandwichs ou bocadillos.

### **E ademais:**

- Non leves cousas colgando polo exterior da mochila, podes perdelas ou rompelas.
- Non esquecer a medicación necesaria, de estar a tratamento.
- **Non se pode levar móbil**, aparellos de música, videoxogos e similares.



## EQUIPAMENTO

- Mochila de carga (grande)
- Mochila de ataque (pequena).
- Saco de durmir.
- Bolsas plásticas
- Necesar
- Lentes de sol
- Lanterna
- Comida.
- Cantimplora.
- Cantariño.
- Chuvasqueiro
- Roupa de abrigo.**
- Botas.
- Calzado de reposto.
- Roupa de reposto.
- Gorro inverno, buf e luvas
- Gorra ou sombreiro.

A mán  
no autobús

## LICENCIA DE MONTAÑA 2007

- ➔ Para esta saída é **imprescindible ter a licenza de montaña**, tamén para a actividade de abril (no Caurel), para para a Operación Benxamín (en maio) e para a actividade federativa que este ano será en xuño, así como para outras actividades do Club (escalada, etc.). Lembra que a licenza federativa é válida para todo o ano 2007.
- ➔ Non esperes a metade do ano, tramita agora a licenza e aproveita as súas vantaxes TODO O ANO.
- ➔ A Sección Infantil recomenda para os nenos de 8 a 13 anos a licenza de montaña da Aseguradora Sabadell, modalidade C, que ten un prezo de 23,71 euros, pero está subvencionado polo Club cun 10 %, polo que o importe a pagar será de **21,34 euros**.